

## CRITERIOS PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2015

### 1. SELECCIÓN DAS CÁTEDRAS DE UNIVERSIDADE

No Consello de Goberno do 29 de xaneiro de 2015 aprobouse a inclusión na OEP de 2 prazas de Catedrático/a de Universidade.

A Universidade da Coruña seleccionará os/as candidatos/as entre aqueles/as Profesores/as Titulares de Universidade cuxa promoción foi aprobada no Consello de Goberno na sesión do 17 de xullo de 2012, como resultado do procedemento establecido no Programa de promoción do Persoal Docente e Investigador acreditado (Aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012) segundo os seguintes criterios por orde de prelación, sen que dos mesmos se desprenda máis dunha convocatoria por rama de coñecemento<sup>1</sup>:

- Ano da acreditación ao corpo de Catedráticos/as de Universidade<sup>2</sup>
- Antigüidade na Universidade da Coruña

### 2. SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A ESTABILIZACIÓN DE AXUDANTES DOUTORES/AS E INVESTIGADORES/AS DO PROGRAMA ISIDRO PARGA PONDAL

No Consello de Goberno do 29 de xaneiro de 2015 aprobouse a inclusión na OEP de 6 prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a.

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicaranse os criterios que se especifican a continuación:

**Primeiro-** Terán prioridade sobre os restantes aqueles/as solicitantes que, remataran os seus contratos no programa Isidro Parga Pondal ou Axudante Doutor/a no curso 2014-2015 e quedaran excluídos por falta de prazas nas anteriores OEP.

**Segundo-** Os/as que remateno seu contrato como Axudante Doutor/a antes do 01/01/2016.

**Terceiro.** No caso de existir máis candidatas ou candidatos que prazas na OEP, ordenaranse tendo en conta as seguintes valoracións:

1. Antigüidade como acreditado/a a Profesor/a Titular de Universidade ou antigüidade na avaliación positiva para Profesor Contratado Doutor<sup>3</sup> a 1 de xaneiro de 2015: 1 punto por ano completo, fraccións de ano: proporcional. Máximo: 6 puntos.

---

<sup>1</sup> A rama de coñecemento será a da Comisión de Acreditacións que conste no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

<sup>2</sup> Tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

<sup>3</sup> Tomarase como referencia a data da resolución de avaliación positiva asinada polo presidente da CGIACA no caso de acreditación pola ACSUG ou a data de efectos que se recolle na resolución do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no caso de acreditación pola ANECA. No caso de acreditación a Titular de Universidade tomarase como referencia a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades

2. Antigüidade como Persoal Docente na UDC, a 1 de xaneiro de 2015: 1 punto por ano completo. As fraccións de ano valoraranse de forma proporcional. Máximo: 8 puntos.
3. No caso de empate na suma das puntuacións anteriores, terá prioridade aquel/a que primeiro remate o seu contrato como Axudante Doutor/a.

### Disposición adicional

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados e dos servizos da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta ao Consello de Goberno.

A Coruña, \_\_\_\_\_

*DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxina/s numerada/s e selada/s, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 27 de febreiro de 2015*

*O secretario xeral*



*Asdo. Carlos Amoedo Souto*